



Santiago, 17 de marzo de 2020

Estimados/as Empresarios/as e veciños/as,

O pasado 14 de marzo, o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no BOE: <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/14/pdfs/BOE-A-2020-3692.pdf>, estableceu, entre outras, medidas de contención, como son o peche de boa parte dos negocios: no ámbito educativo e da formación, da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras adicionais.

No día de hoxe entran en vigor unhas medidas excepcionais que contemplan máis liquidez para a economía: Apoio a familias e cidadáns vulnerables; Flexibilidade nos axustes temporais de plantillas (unha nova regulación dos ERTEs); Concesión da prestación por desemprego sen esixir período de carencia, e a suspensión temporal do pago de cotizacións a empresas, autónomos e traballadores.

Desde o concello informaremos puntualmente de cómo se poden desenvolver estas medidas, así como de calquera outra que sexa aprobada nos vindeiros días.

Este apoio á liquidez das empresas, especialmente de pymes e autónomos son esenciais para mitigar os efectos sobre o emprego e a producción, pero tamén será preciso, superada a crise sanitaria, acelerar a aplicación de medidas estructurais para estimular a economía e axudar para reducir o seu impacto.

Igualmente, dende o Concello estamos determinados a que a repercusión desta crise, en empresas e autónomos sexa a mínima posible, e buscaremos en unión cas asociacións empresariais e sindicatos da Cidade, solución para mitigar os seus efectos.

Un saúdo.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde